

PLAN DE EMPRESA

O Plan de empresa é o documento no que se recollen os obxectivos e as estratexias que vai desenvolver a empresa. É o documento que se presenta ante organismos públicos, entidades financeiras ou institucións privadas á hora de solicitar subvencións, empréstitos ou calquera tipo de axuda.

MODO DE ESTRUTURALO:

Datos das persoas promotoras

O seu obxectivo é identificar a empresa cos seus promotores/as, por iso deben constar os datos persoais (nome, dirección, teléfono), formación (titulación académica, cursos realizados) e experiencia profesional das persoas promotoras da actividade. Deben resaltarse as experiencias profesionais e formación relacionadas coa actividade que se vai realizar.

O produto

Hai que definir o produto ou servizo que se vai ofrecer. Descríbense as características técnicas do produto, as necesidades que se pretende cubrir e as súas calidades específicas que o diferencian doutros existentes no mercado.

O mercado

Un dos aspectos máis importantes na elaboración do proxecto é a análise do mercado no que se vai ofrecer o produto ou servizo xa que o seu coñecemento axeitado permite avaliar as posibilidades de éxito dunha empresa.

Hai que realizar unha análise da demanda de mercado, analizando os potenciais clientes e analizar a oferta de mercado, isto é a parte desa demanda que está xa cuberta polas empresas existentes e que serán os competidores.

Dende o punto de vista da demanda, hai que cuantificar o volume do mercado e a súa tendencia vendo a súa evolución e expectativas.

Dende o punto de vista da oferta, hai que ter en conta o grao de concentración existente no mercado, o ritmo de cambio tecnolóxico, a existencia de produtos e servizos substitutivos e a posibilidade de aparición doutros novos.

É importante identificar os principais competidores, sobre todo a aqueles instalados na zona de influencia da futura empresa.

Para obter esta información débese realizar un estudo de mercado.

Destes datos pódense obter conclusións moi importantes como o lugar máis idóneo para **situar a empresa**, en caso de que se poida elixir, débese considerar:

- a proximidade á clientela (especialmente se está moi concentrada xeograficamente)
- a proximidade aos provedores
- a oferta de man de obra cualificada no ámbito
- as posibilidades de subcontratación de certos traballos na zona
- as facilidades de acceso ao lugar
- os custos de instalación
- a facilidade para obter subministracións básicas: auga, electricidade, teléfono.

Unha vez determinada a situación hai que detallar os medios materiais e humanos que se van necesitar para poñer en marcha a empresa:

Recursos Materiais

Son os medios materiais que se van utilizar para a actividade:

Inmovilizado:

- locais edificios terreos
- maquinaria
- elementos de transporte
- mobiliario
- gastos de acondicionamento

Existencias:

- plan de aprovisionamento de materias primas e materiais
- nivel de almacenamento
- demanda do produto

Recursos Humanos

Unha vez determinadas as tarefas a realizar dentro da empresa hai que concretar cantas persoas se necesitan e como será a organización interna da empresa.

En caso de necesitar contratar persoas hai que determinar os criterios para a selección e as modalidades de contratación vendo as vantaxes que teñen cada unha delas.

Débase realizar un organigrama no que se recollan as funcións a desenvolver na empresa, as persoas responsables de cada área e a retribución económica.

PLAN ECONÓMICO - FINANCEIRO

É o cálculo da rendibilidade da empresa, para iso hai que elaborar os seguintes documentos:

- **Conta de perdas e ganancias**
- **Balance**
- **Fondo de manobra**
- **Plan de financiamento**
- **Plan de Tesouraría**

Recoméndase realizar estas previsións para os 3 ou 5 primeiros anos da actividade da empresa.

A conta de perdas e ganancias é un documento que nos indica a previsión do beneficio xerado pola empresa.

O beneficio ou as perdas esperadas do exercicio calcúlanse pola diferenza entre os ingresos e os gastos.

Modelo para a presentación de perdas e ganancias:

Gastos	Ingresos
Consumos de explotación	Importe neto da cifra de negocio
Gastos de persoal	Outros ingresos de explotación (traballos realizados para a empresa para o seu inmovilizado, subvencións)
Amortización	
Outros gastos de explotación	Ingresos financeiros
Gastos financeiros	Ingresos extraordinarios
Gastos extraordinarios	Saldo debedor: perdas.
Imposto de sociedades	
Saldo acreedor: beneficios	

O cálculo do resultado do exercicio (beneficios ou perdas) non poderá obterse ata calcular os gastos financeiros que virán determinados polo plan de financiamento e o plan de tesouraría. Realizados estes cálculos poderemos coñecer os gastos financeiros e indicalos na conta de perdas e ganancias.

O **balance** reflicte a situación da empresa nun momento determinado, xeralmente ao 31 de decembro de cada ano.

Divídese en dous grandes apartados:

- **Activo:** é o que a empresa ten, e o que lle deben e nos indica e o destino dos fondos de que dispón

- **Pasivo:** é o que a empresa debe e nos indica a orixe dos fondos de que dispón e como se financiou

Dentro do activo inclúese o que a empresa adquiriu (local, maquinaria, mobiliario, existencias), o que deben os seus clientes e o diñeiro que temos no banco ou en caixa.

No pasivo reflíctense as débedas da empresa: o capital social que puxeron as persoas promotoras da actividade e as reservas que se van creando cando se obteñen beneficios, xa que a empresa debe ese diñeiro aos promotores, os empréstitos solicitados e o que debemos os nosos provedores/as:

Balance	
Activo	Pasivo
a. Accionistas por desembolsos non esixidos	a. Fondos propios - capital social - reservas - resultados de exercicios anteriores
b. Inmobilizado Gastos de establecemento Inmobilizado inmaterial Inmobilizado material - terreos - construcións - maquinaria - mobiliario - equipos para procesos de información - elementos de transporte	b. Ingresos a distribuír en varios exercicios (subvencións)
c. Gastos a distribuír en varios exercicios	c. Provisións para riscos e gastos
d. Activo circulante - Accionistas por desembolsos esixidos - Existencias - Debedores - Investimentos financeiros temporais - Tesourería	d. Acredores a longo prazo
Total Activo	e. Acredores a curto prazo
	Total Pasivo

A elaboración do balance reflicte a situación patrimonial provisional da empresa ao comezo da actividade e despois ao final de cada exercicio.

O **Fondo de Manobra** é a diferenza entre o activo circulante e as débedas a curto prazo.

Activo Circulante - Esixible a Curto = Fondo de Manobra

A empresa terá o seu equilibrio financeiro cando o fondo de manobra sexa positivo, é dicir que parte do activo circulante deberá financiarse con capitais permanentes.

Se o fondo de manobra fose negativo teremos un desequilibrio financeiro que será necesario corrixir.

Calculados o valor da inversión inicial necesaria en activos fixos, e as necesidades do fondo de manobra, é necesario ver como se van financiar ambas as dúas partidas para o que se elabora o **plan de financiamento**.

Plan de Financiamento	
Necesidades	Recursos
Inmovilizado	Capital
Gastos de primeiro establecemento	Beneficios
Necesidades do fondo de manobra	Amortizacións
Outros	Empréstitos a medio prazo
	Subvencións
Total Necesidades	Total Recursos

A diferenza entre os recursos permanentes que necesita a empresa e o capital social que achegamos será a débeda a longo prazo da empresa. Para financiar esta débeda debemos recorrer principalmente a empréstitos a medio e longo prazo e a axudas ou subvencións

Os empréstitos solicitados para facer fronte ás necesidades de financiamento xerarán máis gastos financeiros que deberemos incluír na conta de perdas e ganancias.

O **plan de tesouraría** ten por obxecto calcular cales serán os cobramentos e os pagamentos previstos para un período determinado e xestionar axeitadamente os superávit e os déficit que se produzan. O cálculo é conveniente realizalo para períodos mensuais.

	Mes	Mes
	1	2
Saldo Inicial en caixa e bancos		
Cobramentos:		
- de explotación		
- por vendas		
- por ive		
- extraordinarios		
- achegas ao capital		
- outros ingresos		
Total Cobramentos (2)		

Pagamentos:

- de explotación
- provedores
- impostos
- gastos de persoal
- IVE
- Imposto de sociedades
- Gastos financeiros
- Outros gastos
- Total pagamentos de explotación
- extraordinarios
- provedores de bens de activos fixos
- reembolsos de empréstitos

Total Pagamentos (3)**SALDO (1 + 2 +3)**

No caso de que o saldo sexa negativo, hai que recorrer a financiamento ou fórmulas que permitan abrir as necesidades da empresa..

No caso de que o saldo sexa positivo débese obter o maior rendemento dos fondos analizando o seu destino.